

F. Dubert García (2008): “De ciencia, ideoloxía e valores lingüísticos en Galicia: unha reflexión”, en M. Brea / F. Fernández Rei / X. L. Regueira: *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 353-361.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.

DE CIENCIA, IDEOLOXÍA E VALORES LINGÜÍSTICOS EN GALICIA: UNHA REFLEXIÓN¹

Francisco Dubert García

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA GALEGA

Nunha carta do 22 de decembro de 1963, Ricardo Carballo Calero comúnicalle a Francisco Fernández del Riego que “xa que anunciades a miña Gramática teréi que pensar en facela. Conviría que me mandaras todo o que teñas de antecedentes; pois eu carezo de libros de filoloxía galega. Xa lle dixen a Piñeiro que había que me fornecer dunha pequena biblioteca filolóxica” (Carballo Calero 2006: 379).

Este epistolario de Carballo resulta interesante, pois móstranos como se construíron dúas obras fundamentais da nosa cultura: a *Historia da literatura galega contemporánea* e a *Gramática elemental del gallego común*. Unha preocupación constante do autor ó longo do epistolario é lograr a maior adecuación científica dos seus traballos. Esta preocupación xa aparece nunha carta do 26 de outubro de 1950 cando, a propósito das colaboracións de galegos na revista *Seara Nova*, afirma que

“Inda que coido que non será necesario, non podo menos de espresarche a necesidade que tes de peneirar moito o que pol-o teu conducto vaia a *Seara*. Val máis que sexa pouquiño, pero escolleito. Non me refiro tanto á calidade estética dos traballos como á súa seriedade científica e á súa honradez de composición. Ben sabes que o portugueses sábenche moito. En crítica literaria están moi adiantados, i é preciso que todo o que lles mandes de iste ordre sexa moi serio e feito a conciencia. En canto aos demais traballos en prosa, moitas cousas que pasaban nos periódicos galegos,

1 Este traballo realizouse no seo do proxecto: “Estudo contrastivo sociolingüístico e fraseolóxico entre o (baixo)alemán e o galego” (PGIDIT04PXIA20402PR).

non deben ir a Portugal: pois por cortesía e por orgullo somente debemos mandar a tona do noso espírito” (Carballo Calero 2006: 132).

“Aproveito a ocasión de ista nota para engadir ao dito que creo que a *Seara* non se debe mandar nada que sexa do xénero patriótico-sentimental; senón cousas moi inteleituás, moi craras, moi sereas, moi frías e moi ouxetivas” (*ibidem*, p. 133)².

As suspicacias de Carballo con respecto á publicación de traballos de tema galego na revista *Seara Nova* teñen fundamento. Rodrigues Lapa sinala en carta para del Riego do 1 de agosto de 1950 que sería interesante que os intelectuais galegos colaborasen na revista *Seara Nova*, “uma revista das esquerdas, com feição mais ou menos socialista”, porén, “exigente na qualidade da colaboração, como revista de verdadeira cultura que é”, pois

“Sempre na *Seara* se condenou o verbalismo estéril, um certo tipo de retórica balofa, que desvirtuam a verdadeira face dos problemas. Falar claro e segundo a razão, é o lezado seareiro. Ninguém mais do que eu deseja essa colaboração; mas ela terá de dar-se numa esfera de elevada cultura, que honre Portugal e Galiza” (Rodrigues Lapa 2001: 19-20).

Lapa tamén aparece neste epistolario preocupado pola calidade científica dos traballos sobre a lingua e cultura galegas. Así, no ano 1952, escribe unha recensión sobre a nova edición do dicionario de Carré (carta do 13 de outubro, p. 70). Todo parece indicar que del Riego lle ensina a Carré a recensión antes de publicala (carta do 27 de outubro, p. 70). Carré moléstase polo contido e quíxase a Lapa, pois na súa recensión foi “injusto e desapiedado! A minha crítica produziu-lhe funda dor”. Lapa decide retirar a recensión e ironiza: “não quero nem por sombras prejudicar um homem de modestíssima posição económica, como ele se me apresenta na sua carta” (*ibidem*, p.71). A recensión acaba publicándose e en carta do 5 de novembro de 1952 Lapa cóntalle a del Riego que vai escribir a Carré unhas liñas amigables:

2 Máis aínda, noutra carta do 31 de maio de 1965 sinala como problema para a redacción da súa gramática a existencia dunha “corrente de opinión desfavorable á empresa. Os seus representantes coidan que istas enerxías debínanos consagrar ao segundo tomo da Literatura, porque a Gramática non pode saír tan ben que xustifique o tempo empregado en compoñela. En fin, eu estou xa embarcado na empresa, que me resulta penosa, e que posiblemente non satisfaga a ninguén: pero se a considerades necesaria ¿quén a ía facer? Os capacitados pra elo dificilmente querían arriscar o seu prestixio nista tarefa, que considerarán política e non científica. Terán medo a Dámaso Alonso, que ten dito que por moito tempo non será posible unha Gramática galega como a catalana de Badía. Isto é certo, pero nós queremos facer outra cousa. Mais hai moitos que consideran que isa outra cousa non hai por qué a facer. É dicir, que creen que o mellor é non facer nada” (*ibidem* 395-396).

“Não se pode fazer cultura pactuando com o que é medíocre e francamente ruim. O galeguismo terá de se manter num nível elevado, europeu; de contrário, não passa de uma borbulha regionalista, sem significado de maior”. (Rodrigues Lapa 2001: 71).

Sorprende que o interese polas “cousas moi inteleituás, moi craras, moi sereas, moi frías e moi ouxetivas” estea hoxe en perigo en Galicia, onde non se comprende a necesidade de manter aceso este facho de loita pola cientificidade no estudo das humanidades: existe unha cruzada contra os profesionais que tentan realizar un estudo científico da lingua galega, en particular, e das humanidades, en xeral.

Segundo esta visión, algúns lingüistas practican unha disección filolóxica, técnica, fría, illada dos intereses da sociedade galega; viven faltos dunha perspectiva holística, ausentes ou despreocupados do país que habitan e dos seus problemas, levados por un onanismo académico excluín-te e elitista; quizais sexan bos nos seus traballos, crese, mais tamén poden ser xentes simples e manipulables, aliadas voluntarias ou involuntarias dos inimigos do país. No mellor caso, autómatas, parvos listos, sabios ignorantes; o seu labor, unha disquisición metafísica inútil. No peor, traidores cripto-españolistas faltos de amor a Galicia:

“Do mesmo modo que o traballo da xente que se ocupa na lingua e que di facer un traballo científico buscando por todas partes aquilo que sexa unha diferenza co portugués para marcar un territorio separado galego o que fai, quériro conscientemente ou non, reforzar o sometemento lingüístico ao castelán” (Suso de Toro 2004).

Neste traballo non quero mostrar a necesidade dunha lingüística galega científica, posta ó día e que atenda ós datos reais; isto cae de seu para calquera persoa con sentido común. Como sinalaba Regueira (1996: 67) con respecto ós debes e haberes da lingüística galega:

“En dúas décadas conseguíuse poñer ó día a lingüística galega partindo de bases insuficientes e dispersas. Hoxe existe unha tradición, curta pero rica, de lingüística galega e hai tamén investigadores formados, o que permite esperar que nos próximos anos se produzan avances importantes no coñecemento científico do noso idioma e das circunstancias nas que se atopa”.

Non imos romper con esta tradición nin desbaldir o capital investido nin gañado nela por investigadores coma Antón Santamarina; non queremos volver á anterior situación de pobreza científica, intelectual e cultural. Non queremos ser peores cós que nos precederon nin ficar atrás nos avances da investigación lingüística, nin deixar de aproveitar as novas ferramentas teóricas que xorden na disciplina. A mellor

homenaxe que lle podemos facer a Antón é continuar cun espírito creativo e cunha curiosidade intelectual non menores cós que el ostenta. Sacralizar os seus traballos, consideralos o estado final da investigación e do saber, é matalos; non revisalos, negarse a arrequeutar aquela tradición que contribúe a crear. Non queremos, en fin, ser epígonos de ninguén; en primeiro lugar, por pundonor persoal e académico; en segundo lugar, porque seguir actualizando a nosa investigación é a única vía de manter viva a nosa tradición.

Tampouco quero aquí competir en brillantez intelectual cos cruzados da causa. Simplemente son un lingüista e xa sei que a ciencia non é o modo único de coñecemento: o home usa doutras vías, coma a literatura ou a relixión; que a ciencia tan só aspira a elaborar modelos que pretenden describir como é o mundo: nada nos di sobre como o mundo debera ser; que as teorías científicas son provisionais: están condenadas a ser superadas unhas polas outras; que unhas teorías compiten con outras no mesmo espazo e tempo: o mesmo fenómeno pode explicarse de modos diversos. Porque son lingüista (e científico!) sei que non estou libre de prexuízos ideolóxicos:

“La ciencia debe proceder en un contexto social y deben hacerla seres humanos atrapados en las limitaciones de sus culturas, las angustias de sus entornos políticos y las esperanzas y sueños de sus representaciones psicológicas y sociales. Nosotros los científicos tendemos a considerar mínimamente estas influencias humanas porque el mito de nuestra profesión proclama que el cambio de puntos de vista está conducido por una razón universal aplicada a un arsenal acumulativo de observaciones. En realidad, todo cambio científico es una compleja e inseparable mezcla de incremento de conocimientos y alteración de circunstancias sociales” (Gould 1993: 9).

Porén, o que precisamente quero demostrar neste traballo é que estes críticos manteñen visións sobre a lingua, i.e., ideoloxías, que os demais non temos por que compartir; que mesmo podemos refugar compartir dun xeito máis ou menos racional. De feito, os críticos deostan os lingüistas precisamente por motivos ideolóxicos, non por motivos científicos. Este desprezo non é un fenómeno sorprendente nin orixinal:

“Los científicos sociales [...] no siempre pueden evitar ser «calificados» según sus supuestos intereses y simpatías sociopolíticas y, en consecuencia, que se rebajen sus resultados. Por consiguiente, cuando sus descubrimientos de investigación socavan en apariencia los intereses creados o las opiniones inamovibles de un partido supuestamente hostil, a veces se descartan cínicamente con un «puede que digan eso, puede que no», en vez de contestarlos directamente” (Ziman 1998: 181).

Con todo, si debe ser destacado que aquí non só non se contestan os resultados, senón que tamén se denigra as persoas.

En todo caso, os lingüistas refugamos esas visións da lingua non porque non as entendamos nin sexamos capaces de ver máis aló, senón porque non convencen: non son superiores, nin máis fundamentadas teoricamente, nin máis liberadas de prexuízos, nin máis apegadas á realidade empírica; non son epistémica nin moralmente mellores. Non compartirmos estas visións non nos torna investigadores menos competentes nin menos honestos; non compartirmos estas visións non devalúa os nosos traballos, que deben ser criticados e avaliados, si, pero desde o ámbito da ciencia: só desde ese ámbito se pode vulgar se son consistentes ou contraditorios... ou mesmo se están excesivamente pexados pola nosa ideoloxía.

Para lograr este obxectivo vou expor outros textos do autor antes citado Suso de Toro quen, na defensa dos seus ideais reintegracionistas escritos na norma da RAG, adopta unha postura de superioridade intelectual e mostra os que non concordan con el como seres manipulados, habitantes de “provincias acomplexadas” (de Toro 2005: 226)³. Segundo de Toro, a ideoloxía lingüística española na que fomos educados inculcou nos nosos cerebros a idea de que o galego “é unha “fala”, que non se compara aos idiomas dos Estados, con poder e literaturas, e, sobre todo, con clases dirixentes” (p. 225). Para el esta idea é “inculta, anticientífica, unha idea mítica que non ten nada que ver coa realidade lingüística”, pois o galego, ó ser portugués, é unha lingua antiga, extensa e útil, e “non é unha fala que agora queiramos escribir, non temos que estar a inventar palabras ou ortografías” (p. 225). Non vemos esta verdade e propormos que o galego sexa cultivado como ata agora o ten sido (como el o cultiva) supón que

“Sigamos a ser tan escravos da nosa derrota histórica que renunciemos a iso [unhas posibilidades de comunicación inmensas, FDG] e nos comparemos cos habitantes de territorios onde existen falas rústicas, falas montańesas cheas de encanto e poder telúrico que permiten crear obras de arte nas que se canta ao ocaso dun mundo” (p. 226).

Nada novo nin orixinal. O máis destacable, porén, é que, como xa avisei, de Toro atribúe ós demais a ideoloxía que el, á vez, profesa e critica. Para demostralo, abonda con comparar os seus textos con estoutros de Manuel Alvar:

3 Como no universo non existen entidades coma as provincias acomplexadas, entendo esta frase coma unha metonimia que se refire a “habitantes acomplexados de determinadas provincias” ou cousa parella, sendo os habitantes acomplexados aqueles que sustentan unha ideoloxía concreta distinta da que o autor do texto mantén.

“Pertener a una de las grandes lenguas de cultura no es lo mismo que hablar otra de escasa difusión o que sólo tenga –pongo por caso– literatura oral” (Alvar 1990: 14).

“Que científicamente sean igual el keresan (variedad de la lengua pueblo hablada en Nuevo Méjico) o el inglés es probable que se pueda sostener, aunque sea invocando los manes idealistas de Vossler, pero que el inglés sea lo mismo que el keresan no creo que lo defienda el más apasionado de los antropólogos” (*ibidem*, p. 16).

“Es cierto que unos preferirán vivir en el gueto y otros caminar por el ancho mundo; todos tienen los mismos derechos y merecen los mismos respetos, pero no podemos decir que para los hombres significan lo mismo quienes habitan en una caverna lingüística que quienes buscan al hombre para comunicarse en una efusión de entendimiento” (*ibidem*, p. 24)⁴.

“Hoy, como hace dos mil años, como hace muchos otros miles de años, coexisten variedades limitadas de comunicación, son los dialectos. Y no son limitadas porque no valgan para todo, sino porque por razones extralingüísticas han hecho que su actividad esté limitada, o razones lingüísticas que se incardinan en la capacidad de sus gentes, menor que la de otras para crear literatura” (*ibidem*, p. 25).

Ben se aprecia que de Toro e Alvar cren que no mundo existen obxectos tipo *lingua* e obxectos tipo *lingüística-fala-dialecto*. Os primeiros, as chamadas *grandes linguas de cultura*, son as linguas con Estado ou Estados, millóns de falantes, literaturas cultas escritas de ampla difusión internacional, estándares consolidados; os segundos, linguas sen Estado, con poucos falantes, literaturas menos coñecidas ou que mesmo poden estar a crear agora unha literatura culta escrita. Máis significativo: tanto de Toro coma Alvar cren tamén que os primeiros tipos de obxectos son máis valiosos ou importantes cós segundos.

Considerar o galego un obxecto tipo *lingüística* é unha idea acientífica e mítica, si, pero por unha razón distinta á que Suso de Toro aduce. O problema científico non é se o galego é *lingua* ou *lingüística* ou se vale máis sendo *lingua* ca sendo *lingüística*, senón crer que no mundo existen, de verdade, obxectos tipo *lingua* e obxectos tipo *lingüística*. No marco teórico xenerativo en que exerzo como lingüista, desenvolvido por Chomsky en EEUU e non por Alvar en España, esta crenza non é propia do saber científico-lingüístico, senón do saber común. Os únicos obxectos lingüísticos que existen no mundo natural son as linguaxes individuais almacenadas nas mentes de cada unha das persoas e os textos que con elas se producen. Entidades coma *o galego* ou *o castelán* son conxuntos destas linguaxes individuais. Locucións coma *o galego*,

4 Curioso o paralelismo entre este parágrafo e a afirmación de Suso de Toro, segundo a cal: “basta que apartemos as vellas ideas provincianas decimonónicas e pensemos globalmente” (p. 226); só cambia o estilo, o decimonónico de Alvar e o moderno de de Toro.

o portugués, remiten a conceptos creados no saber común para clasificar a forma de falar das xentes, pero non remiten a obxectos individuais existentes no mundo natural: o conxunto de tódolos coches do mundo non crea o obxecto *coche*, senón o concepto 'coche', almacenado de xeito individual en cada unha das mentes que o conteñen (non noutro sitio fóra das mentes); o concepto 'coche' remite para cada falante ben a un coche só, ben a un conxunto de coches, ben ó conxunto de tódolos coches, pero non a un obxecto externo ó falante constituído pola suma de tódolos coches. As linguas, coma o matrimonio ou o diñeiro, só existen en tanto que crenzas compartidas polos membros das comunidades humanas. As linguas existen porque nós cremos que existen. Estes obxectos ideais (non naturais) fúndanse en criterios lingüísticos (os enunciados producidos polas persoas e as similitudes que neles se detectan) e históricos (sociais, políticos, culturais). Que a miña linguaxe individual se clasifique como galego é resultado dunha convención que asumo como asumo outras realidades sociais.

Aqueles que negamos que no mundo natural existan obxectos tipo *lingua* mal podemos crer na existencia de obxectos tipo *lingüística* opostos a obxectos tipo *lingua*, nin considerar o galego un obxecto tipo *lingüística*, nin aceptar que sexa un obxecto reconvertible ou reconsiderable, a través dalgún xeito de recategorización ou de transubstanciación, nun obxecto tipo *lingua*. Moito menos cremos que este cambio teña algunha significación científica: considerar o que falan os galegos galego ou portugués, ou consideralo *lingua* ou *lingüística* é, desde un punto de vista científico, irrelevante, por moi importante que esta cuestión sexa no saber común.

Ora ben, xa vimos que a crenza do saber común de que existen obxectos tipo *lingua* fronte a obxectos tipo *lingüística* adoita traer aparellada a crenza de que os primeiros valen máis cós segundos; e esta crenza, tamén propia do saber común, ten serias repercusións na vida das xentes. Porén, esta crenza é verdadeira e irremediabilmente acientífica: a ciencia é unha forma de coñecemento do mundo, non unha forma de valoración dos obxectos (naturais ou ideais) do mundo: que a vida dun home valla máis cá vida dunha formiga non é unha opinión científica, senón moral. Que o portugués sexa máis valioso có galego non é unha opinión científica, senón doutro tipo que ignoro. O que non ignoro é que desvalorizar o galego é desvalorizar a linguaxe individual de tódalas persoas cuxa forma de falar se denomina galego; e desvalorizar estas linguaxes individuais é desvalorizar os seus falantes. Pola contra, creo que tódalas linguaxes individuais son valiosas e respectables, porque tódalas persoas que as falan son valiosas e respectables. Esta última é, por certo, unha crenza moral, non unha opinión científica.

En todo caso, as crenzas do saber común de que no mundo existen obxectos tipo *lingua* fronte a obxectos tipo *lingüística* e de que os primeiros valen máis cós

segundos quizais sexan acientíficas ou míticas, pero non son, de ningún xeito, incul-tas: moitas persoas (coma de Toro ou Alvar) cren que tales obxectos existen e que uns valen máis ca outros; e son xentes cultas as máis interesadas en difundir a crenza de que unhas formas de falar son máis importantes ou valiosas ca outras.

Tamén moitos lingüistas, en tanto que persoas cultas, cren que existen estas entidades e discuten sobre se un conxunto de formas de falar debe ser considerado *lingua* ou *lingüística-fala-dialecto*. Pero estas discusións só poden ser científicas se reflic-ten o que as xentes cren sobre estes conxuntos de formas de falar, pois as linguas son entidades creadas polas convencións sociais. É científico describir as convencións e as crenzas e explicar por que existen, pero non o é aceptalas ou criticalas. O galego existe porque os galegos lle chaman así ó xeito que teñen de falar, non porque o digan os lingüistas. É un conxunto de xeitos de falar agrupados (unha lingua) fronte a outros conxuntos (outras linguas) porque os galegos así o perciben, non porque o digan os lingüistas. É distinto do portugués porque a inmensa maioría dos galegos así o sente, non porque o digan os lingüistas. É cultivar o galego, un conxunto de xeitos de falar máis pequeno có conxunto denominado portugués, cunha literatura máis pequena menos coñecida e valorada internacionalmente, con pouco Estado, non moito pres-tixio interior e pouco prestixio exterior, non é ser un habitante acomplegado dunha provincia escravo dunha derrota histórica que canta o ocaso dun mundo; cultivar o galego nesas condicións é, máis ben, todo o contrario: é continuar levando o facho que con valor xa levaron Rosalía, Castelao, Cunqueiro ou o mesmo Suso de Toro; é unha obra da que se podería predicar o mesmo que no seu día escribiu Otero Pedraio doutra obra valorosa:

“Boa auguranza pra unha obra como ista, obra do amor e do saber, da amizade e da lembranza. Non moimento funerario, piadosamente ergueito e con arte e amor labourado pra pechar as cinzas bequeridas de séculos mortos. Sí fachón aceso nos antigos lumes. Aquil fogo primeiro da ara e do fogar contra as teebras e a morte mantido polos primeiros homes na i-alba da conciencia da Galiza non foi por nin-gunha friaxe morto nin por ningunha ingratidade esquencido. Poido semellar cons-óo de probes lareiras despois de encher ó mundo coa súa luz e quentor. Das pedras do lar da montana volta a guiar os camiños dunha xente peleríña e doncel, teimosa e espranzada cal a xente da nosa raza” (Otero Pedraio 1964: V).

E este xuízo é moral, político, ideolóxico ou mítico, pero non científico, porque con só a axuda da ciencia quizais cheguemos a coñecer o mundo, pero non faremos del como cremos que debiera ser.

Bibliografía

- Alvar, M. (1990): “La lengua, los dialectos y la cuestión del prestigio”, en F. Moreno Fernández (ed.) *Estudios sobre variación lingüística*. Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá de Henares, pp. 13-26.
- Carballo Calero, R. (2006): *Epistolario a Fernández del Riego*. Edición de D. Vilavedra e M. Pena. Vigo: Galaxia.
- Gould, S. J. (1993): “Prefacio. Reconstrucción (y deconstrucción) del pasado”, en S. J. Gould (ed.): *The book of live*. London: Random Century House. Cito pola tradución española: *El libro de la vida*. Barcelona: Crítica, 1999.
- Otero Pedraio, R. (1962): “Prólogo”, en R. Otero Pedraio (dir.): *Historia de Galiza. A terra. O home I*. Buenos Aires: Editorial Nós, pp. V-XXIII.
- Regueira, X. L. (1996): “Os estudos de lingüística galega”, en R. Lorenzo e R. Álvarez (eds.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago de Compostela: USC, pp. 47-67.
- Rodrigues Lapa, M. (2001): *Cartas a Francisco Fernández del Riego sobre a cultura galega*. Edición de T. Vidal Figueiroa. Vigo: Galaxia.
- Toro, S. De (2004): “Os donos da linguaxe”, en *A nosa terra*. Nº 1117, p. 12
- Toro, S. de (2005) “A cultura: o final dunha etapa”, en *25 anos coa cultura galega: vinte e cinco perspectivas para o século XXI*. Ed. Sotelo Blanco.
- Ziman, J. (1999): *Real Science: What it is, and what it means*. Cambridge: CUP. Cito pola tradución española: *¿Qué es la ciencia?* Madrid: CUP.